

OURENSE

1. Campamento Xuvenil Penedos de Xacinto (Entrimo)
2. Estación de montaña de Manzaneda (Manzaneda)
3. Albergue Equal (Coles)
4. Complexo O Corgo (Muíños)
5. Albergue municipal de Bande
6. CEIP de Vilariño de Conso (Vilariño de Conso) **NOVO**

ALBERGUE PENEDOS DE XACINTO (Entrimo)

Cabeza da Vella. 32860 Entrimo (Ourense).

Situado a 70 Km de Ourense, na estrada de Entrimo-Illa Olelas. A instalación atópase a 2 Km de Entrimo, no lugar coñecido como Cabeza da Vella.

T. 988 434 779

Campamento de montaña, con abundante arboredo, zona verde e xardín. Ten unha capacidade de 100 prazas en tendas de campaña.

A instalación dispón de pista polideportiva, salón de actividades, rocódromo, anfiteatro, alpendre cuberto e enfermería.

Acceso sen barreiras arquitectónicas. Exteriores e zonas comúns de fácil acceso.



✓ TEATRO E AVENTURA NA NATUREZA

Teatro: dramatización, expresión corporal e desinhibición, obradoiros de formación (danzas do mundo, acrosport, contos ao revés), ensaios e propostas teatrais, técnicas de circo, caracterización, maxia, malabares e equilibrio; **deportivas e de aventura:** deportes acuáticos (xogos e dinámicas deportivas na piscina), deportes cooperativos (acrosport, fresbee, xogos con paracaídas), rocódromo e tirolina, orientación con gps, tiro con arco, xogos activos; **outras actividades:** aula de natureza, piscina, festa final; **saídas e excursión.**

NOTA: Para ser admitido no campamento **é necesario saber nadar.**

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Teatro e aventura na natureza	01-10/07	13-14-15-16-17	146,70 €	320001
	15-24/07	13-14-15-16-17	146,70 €	320002
	29/07-07/08	13-14-15-16-17	146,70 €	320003
	12-21/08	13-14-15-16-17	146,70 €	320004

*Despois do sorteo publicarase neste apartado a **CARTA INFORMATIVA** do campamento coas indicacións sobre a incorporación e a recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.*



ESTACIÓN DE MONTAÑA DE MANZANEDA (Manzaneda)

32780 A Pobra de Trives (Ourense)

Pódese chegar desde A Pobra de Trives (C-536), a 16 km da estación, ou desde a Vila de Manzaneda, a 10 Km. Desde os dous lugares accédese por estrada local de montaña.


Desde Ourense á Estación hai 90 Km. Existen medios de transporte público desde Ourense a Pobra de Trives, e de Trives á Estación en Taxi (16 Km).

En tren: a estación de Ourense está a 86 km de Manzaneda e a da Rúa a 40 Km.

T. 988 309 090

Situada na Serra de Queixa, en pleno Macizo Oriental Ourenzá, goza da protección medioambiental europea que lle confire pertencer á Rede Natura, no medio dun bosque de 2.000 hectáreas onde podemos observar a vexetación (bidueiros, piñeiros, acivros, breixos, arandeiras, etc...) e a fauna autóctona (corzos, esquíos, varias especies de aves rapaces, etc...). Coa súa base a 1.500 metros de altitude e o seu cumio próximo aos 1.800 metros.

A instalación está adaptada para persoas con problemas de mobilidade.



✓ MANZANEDA ALTA MONTAÑA

Multiaventura: parque multiaventura con tirolinas, rocódromo, puntería (xincana con arco, frechas, ventosas e balóns); bici/slacks, taller de supervivencia, vivacs cos elementos da natureza ao alcance, orientación, pelota canadense, natación; **grandes xogos:** Gran Prix, busca do tesouro, scape room "Torgo Máxico" e "O Engima", xogos tradicionais, xogos inclusivos, xogo de vidas; **educación medioambiental:** coñecemento da contorna, telecadeira turística, visita ao punto máis alto de Manzaneda, punto xeodésico, sendeirismo, taller libro da natureza; **outras actividades:** piscina, festa da espuma, xogos de auga, xincana na auga e veladas.

NOTA: Para ser admitido no campamento **é necesario saber nadar.**

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Manzaneda Alta Montaña	19-26/07	14-15-16-17	148 €	320005
	28/07-04/08	14-15-16-17	148 €	320006
	06-13/08	14-15-16-17	148 €	320007
	15-22/08	11-12	148 €	320008
	24-31/08	11-12	148 €	320009

*Despois do sorteo publicarase neste apartado a **CARTA INFORMATIVA** do campamento coas indicacións sobre a incorporación e a recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.*

ALBERGUE EQUAL (Coles)

A Barra s/n, 32152 Coles

A Barra, Concello de Coles. Estrada de Ourense - Santiago de Compostela (N-525), dirección A Peroxa, a 10 km de Ourense. Sinalización en Vilarchao, como Centro de Educación Ambiental. Desde a Nacional 525 tomar o desvío de A Peroxa. En Vilarchao seguir a sinalización "Centro Equal".
Tel. 669 257 283

O albergue está en pleno contorno rural de interior, no concello de Coles. Está a 1 km da Ribeira Sacra desde o municipio da Peroxa e próximo aos Peares e aos Canóns do Sil.

Está equipado con calefacción, comedor, lavandería, parking de superficie, armarios e aula de obradoiros. Ten mesa de ping-pong e piscina exterior. Nas zonas comúns hai unha biblioteca/sala de lectura, barra libre de dispensación de café, té e infusións ecolóxicas, xardín e zona de sombra para actividades ou descanso no exterior e sala de usos múltiples adaptada.

Para a práctica deportiva, próxima á instalación, hai un centro hípico, embarcadero e polideportivo.

A instalación consta de 2 plantas. Se ben a planta baixa permite a accesibilidade para actividades de día, a planta superior non é accesible para cadeiras de rodas ou persoas con dificultades motrices severas, xa que o acceso aos dormitorios é a través da escaleira.



✓ HÍPICA E TEATRO

ACTIVIDADES

Expresión corporal e teatro: danza moderna con realización de coreografías, teatro, elaboración de guións, sketches e improvisación; **hípica:** iniciación á equitación, coñecemento das partes que integran un hipódromo, necesidades de coidados dos cabalos e nocións de seguridade e hixiene; **deportivas:** xogos populares, xincanas, disfraces e grandes xogos; **outras actividades:** obradoiros de reciclaxe e natureza, excursión á aldea de A Barra, piscina e veladas.

NOTA: Para ser admitido no campamento **é necesario saber nadar.**

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Hípica e Teatro	05-12/07	14-15-16-17	148 €	320010
	15-22/07	14-15-16-17	148 €	320011

*Despois do sorteo publicarase neste apartado a **CARTA INFORMATIVA** do campamento coas indicacións sobre a incorporación e a recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.*

COMPLEXO O CORGO (Muíños)

Complexo turístico-deportivo O Corgo

Praza de San Rosendo 1, 32880 Mugueimes (Ourense)

A-52 dirección Verín –A Gudiña, saída 129 , Estrada Nacional 525, na rotonda tomar a 2da saída na estrada Gudiña –Viana do Bolo OU 0908

T. 988 40 60 75

Este complexo está equipado cun comedor central, instalacións deportivas, zonas cubertas con pérgolas, para chuvia e sol. Ten praias fluviais con zonas verdes; duchas, campo de deportes con herba artificial; polideportivo cuberto, con alumeado; vestiarios e canchas deportivas; zonas de camiños e sendeiros e aparatos biosaudables. Dispón de zonas de lecer, de salas de ocio e obradoiros temáticos así como zonas de audiovisual. Hai vixiantes nas zonas de baños. Para a práctica deportiva, conta con barcos e piraguas.

Os exteriores do albergue están adaptados parcialmente. O interior da instalación ten rampla de acceso, baño adaptado e habitación con cama. O albergue só ten unha planta e non ten escaleiras.



✓ MULTIAVENTURA

ACTIVIDADES

1ª Quenda: arqueolóxicas e megalíticas: coñecemento do megalitismo con actividades diarias na Aula megalítica, excursións aos dolmens ao pé do Val do Salas, rutas de sendeirismo, visita ao campamento militar romano Aquis Querquenis, vista aos miliarios para coñecemento da súa historia e funcionalidade; **cultura popular:** xogos tradicionais e populares, interacción cos veciños do concello escoitando as súas historias, aprender a facer pan en forno tradicional; **medioambientais:** visita a Salgueiro para avistar aguias reais que sobrevoan a comarca da Baixa Limia; **aventura:** xogos de resistencia e habilidade no circuito Gladiator Race e Olimpíadas entre os restos arqueolóxicos de Aquis Querquennis; **outras actividades:** piscina e veladas.

2ª Quenda: natureza: rutas de sendeirismo, identificación de especies autóctonas do Parque do Xurés, visita ao Pobo de Salgueiro; **deportivas:** piragüismo, probas de resistencia e habilidade no circuito do Gladiator Race, actividades dirixidas con soporte musical, deportes acuáticos na piscina; **animación e convivencia:** xogos populares nos que interactuamos cos veciños do Concello, dinámicas de grupo, festas de disfraces e veladas.

NOTA: Para ser admitido no campamento é **necesario saber nadar.**

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Multiaventura	17-24/08	11-12-13	148 €	320012
	27/08-03/09	10-11-12	148 €	320013

Despois do sorteo publicarase neste apartado a **CARTA INFORMATIVA** do campamento coas indicacións sobre a incorporación e a recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.

ALBERGUE MUNICIPAL DE BANDE (Bande)

Rúa Xoaquín Lorenzo s/n, 32840, Bande (Ourense)

Pola autovía AG-31 ata Celanova, logo pola Estrada OU-540 durante 10 minutos ata Bande.

Na entrada de Bande hai a sinalización que indica que hai que subir á zona do grupo escolar que é onde se encontra o albergue.

T. 988 046 084

O albergue dispón dun total de 80 prazas distribuídas en tres plantas:

- Salón de usos múltiples, para comedor e actividades varias.
- Escenario con zona de teatro.
- Cociña industrial totalmente equipada.
- Área de xogos con tenis de mesa, fútbolín e dardos profesional.
- Área de ocio infantil con mobiliario, xogos e material adaptado.
- Área de descanso con máquina de vending, TV e sofás.
- Calefacción centralizada e acceso a rede wifi en todo o edificio.

Para as actividades conta coas seguintes instalacións prestadas polo concello:

- Piscina de exterior.
- Polideportivo.
- Campo de herba de fútbol 11.

Conta con elevador no acceso e cunha habitación para persoas con mobilidade reducida e o exterior é idóneo.

✓ SUPERVIVENCIA

ACTIVIDADES

Supervivencia e aventura: técnicas de orientación e supervivencia, cartografía e nudos, depuración de auga, tallas de madeira, bushcraft, vivacs, rutas de sendeirismo, observación de fauna e flora, primeiros auxilios na natureza; **ambientais:** reciclaxe, manualidades con refugallo, recollida de basoiraleza, prantación de hortos elevados; **deportivas:** tenis e padel, badmington, salvamento acuático, natación inicial e perfeccionamento, baloncesto, fútbol; **outras actividades:** piscina e veladas.

NOTA: Para ser admitido no campamento **é necesario saber nadar..**

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Supervivencia	07-14/07	14-15-16-17	148 €	320014
	17-24/07	14-15-16-17	148 €	320015
	27/07-03/08	10-11-12	148 €	320016
	06-13/08	10-11-12	148 €	320017

Despois do sorteo publicarase neste apartado a **CARTA INFORMATIVA** do campamento coas indicacións sobre a incorporación e a recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.



CEIP VILARIÑO DE CONSO (Vilariño de Conso)

Lugar A Faceira, 0 S/N, 32557 Vilariño de Conso, Ourense

Tel.: 988 34 03 35

Dende Ourense: pola N-525 e estradas comarcais, aproximadamente 1 h 30 min.

Dende Verín: pola OU-113, arredor de 50 min.

Dende A Gudiña: pola OU-533, uns 45 min



O campamento sitúase nun entorno rural e natural privilexiado da comarca de **Viana**, no corazón do **Macizo Central Ourenseño**, caracterizado pola presenza de espazos de montaña, zonas de monte, ríos e paisaxes de alto valor ambiental. Este contexto ofrece amplas posibilidades para a realización de actividades ao aire libre, rutas interpretativas, xogos de exploración, educación ambiental e dinámicas en contacto directo coa natureza, favorecendo unha aprendizaxe activa, vivencial e baseada no respecto polo medio natural.

As instalacións do centro contan con aulas amplas, patios exteriores e espazos polivalentes, favorecendo a realización de actividades educativas, xogos colectivos, dinámicas deportivas e propostas creativas. O edificio distribúese en dúas plantas. Dispón de zonas destinadas ao aloxamento de grupos, comedor equipado para a prestación do servizo de manutención, cociña industrial adaptada á elaboración de menús colectivos, así como salas específicas para a realización de actividades e espazos destinados ao descanso e á convivencia.

Conta con accesos exteriores accesibles, que permiten a entrada ao recinto sen a presenza de barreiras arquitectónicas significativas. O interior da instalación non dispón de adaptacións específicas de accesibilidade universal. Aínda que o acceso ao centro é posible, o uso autónomo e seguro dos espazos interiores resulta limitado para determinados perfís de diversidade funcional, especialmente nos casos de carácter físico severo.

✓ **EXPLORA O RURAL**

ACTIVIDADES: Etnográficas e rurais: Masterclass sobre o Entroido, obradoiro de Entroido, video-obradoiro de concienciación sobre o lume, visita ao museo etnográfico de Vilariño de Conso, gran xogo sobre o Entroido, construcións naturais con corda, nocións sobre pegadas e supervivencia, Olimpíada de xogos tradicionais, xincana Misión Imposible descubriendo Vilariño de Conso; **para movernos:** orientación con compás e brúxula, xogo de orientación e estratexia, tiro con arco, deporte alternativo; **para relaxarnos:** xogos de distensión en grupo, Conecta2; **outras actividades:** xincana de auga, excursións á Área recreativa do río Cenza, excursión ao parque natural do Invernadoiro, veladas.

NOTA: Para participar neste campamento **non se esixe saber nadar**. As persoas que non **saben nadar non poderán participar naquelas actividades que, de ser o caso, se desenvolvan na auga**.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Explora o rural	01-08/07	14-15-16-17	148 €	320018
	11-18/07	14-15-16-17	148 €	320019

*Despois do sorteo publicarase neste apartado a **CARTA INFORMATIVA** do campamento coas indicacións sobre a incorporación e a recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.*